



XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 3 DE XUÑO DE 2024

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 18 de marzo e da reunión extraordinaria do día 15 de abril de 2024.
2. A renovación da Comisión Académica do Máster en Avogacía e Procura.
3. A renovación dos membros das seguintes comisións: Comisión Permanente, Comisión de Calidade, Comisión de Recoñecementos e Validacións e Comisión de Compensación do Grao en Dereito.
4. A creación dun grupo de traballo co obxectivo de análise, estudo e creación de propostas de internacionalización da Facultade de Dereito.
5. A Memoria definitiva do Máster Universitario en Criminoloxía pola Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.
6. Os procedementos: DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico e XD-01: Control dos documentos e dos rexistros.
7. A delegación das seguintes competencias na Comisión Permanente: a aprobación do calendario académico do curso 2024/2025; e a ratificación dos acordos para a renovación dos membros das comisións delegadas da Xunta de Facultade e outros órganos da Facultade de Dereito, do sector PDI sen vinculación permanente.

Ourense, 3 de xuño de 2024

María Belén Sánchez Ramos
Secretaria

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.